

## **REGULAMENTO DO SERVICIO DE ABONADOS E BONOS DA PISCINA MUNICIPAL DE XOVE.**

O Concello de Xove establece o servizo de abonados e bonos da piscina municipal co fin de regula-lo uso da instalación municipal e ademais promocionar, divulgar e aconsellar a práctica da natación e os demais servizos que a instalación ofrece, como uso utilitario, recreativo, lúdico, deportivo e terapéutico.

### **Artigo 1.- O ABONADO**

O abonado é aquela persoa ou persoas físicas ou xurídicas que desexan recibir os servizos da instalación municipal a cambio do pago de unha cuota mensual a dita instalación.

Establécense tres tipos de abonados:

-ABONADO INDIVIDUAL: Unha soa persoa

-ABONADO FAMILIAR: Núcleo familiar, formado por pais e fillos. Todos os membros da familia terán o mesmo número de abonado.

-ABONADO COLECTIVO: Formado por un grupo colectivo como pode ser un clube deportivo, asociación ou outra entidade, dotada de personalidade xurídica propia. O abonado colectivo terá un mínimo de catro membros.

### **Artigo 2.- CLASES DE ABONADO**

Establécense dúas clases de abonados segundo sexan ou non veciños empadroados no Concello de Xove.

-ABONADO MUNICIPAL: Pode ter a condición de abonado municipal todas aquelas persoas físicas que estean censadas, empadroadas e domiciliadas no termo municipal de Xove.

-ABONADO FORÁNEO: Todas aquelas persoas que non estean empadroadas no Concello de Xove. Así mesmo, todas aquelas entidades colectivas non municipais.

### **Artigo 3.- DO PROCEDIMENTO DE ABONO.**

Tódalas persoas que desexen utilizar os servizos da piscina municipal de Xove en calidade de abonados individuais ou familiares deberán presentar a seguinte documentación:

-Fotocopia do D.N.I. de todos os que o posean

-2 fotografías tamaño carnet de cada un dos membros

-Fotocopia da tarxeta sanitaria ou familiar

-Fotocopia do Libro de Familia (só abonados familiares)

-Dirección e teléfono actual.

Todas aquelas entidades que desexen abonarse á piscina en calidade de abonados colectivos, deberán presentar a seguinte documentación:

-Nome da entidade segundo rexistro

-Fotocopia do C.I.F.

-Fotocopia de ficha ou acreditación que o identifique como membro da entidade e fotocopia do D.N.I.

-Mutua aseguradora ou similar

-Dirección da sede social e teléfono

### **Artigo 4.- CUOTAS PARA OS ABONADOS**

**CUOTA ÍNTEGRA.** É a cuota que deberá abonar o abonado para poder facer uso da instalación.

**CUOTA DE MANTENIMENTO.** Se o abonado por calquera circunstancia decide non facer uso da instalación durante certo tempo, poderá acollerse a cuota de mantemento, para así non perder a súa condición de abonado. A cuota de mantemento ó igual que a íntegra, debe facerse efectiva por adelantado e informar do caso ó control da piscina municipal.

Os abonados que teñan pagados os primeiros ONCE MESES do ano con cuota íntegra, terán o mes de decembro gratuito.

### **ABONADOS MUNICIPAIS:**

**-INDIVIDUAL OU FAMILIAR:**

Cuota íntegra: 4,00 €/mes

Cuota de mantemento: 2,00 €/mes

ABONADOS FORÁNEOS:

-INDIVIDUAL:

Cuota íntegra: 15,00 €/mes

Cuota de mantemento: 4,00 €/mes

-FAMILIAR:

Cuota íntegra: 25,00 €/mes

Cuota de mantemento: 5,00 €/mes

ABONADOS COLECTIVOS:

Cuota íntegra: 9,00 €/mes por carnet de abonado (Mínimo 4 persoas)

Cuota de mantemento: 6,00 €/mes para todo o colectivo

Artigo 5.- PAGO DOS ABONOS

As persoas ou entidades que se abonen á piscina municipal por primeira vez, deberán facer un ingreso de tres meses por adiantado. A partir de ahí poderán facer o ingreso como desexen, pero sempre por adiantado.

Os pagos para a piscina municipal de Xove realizaranse facendo o ingreso correspondente nos seguintes números de conta:

-CAIXA GALICIA de Xove: Conta nº 1/7

-BANCO PASTOR de Xove: Conta nº 100.036

Tamén se poden facer ingresos a estas entidades bancarias desde outras localidades, facendo unha transferencia a estas contas bancarias.

Á hora de facer efectivo o ingreso, especificarase:

-Nome e apelidos do abonado principal.

-Número de abonado (a partir do primeiro ingreso)

-Se é cuota íntegra de mantemento

-Os meses polos que se fai o ingreso

Os abonados deberán presentar no control da piscina municipal o resguardo do ingreso, para así proceder á actualización e regularización do estado de abonado.

Artigo 6.- DEREITOS E DEBERES DO ABONADO

DEREITOS DO ABONADO

Durante os horarios de apertura da instalación, terá dereito ó uso da mesma e de tódolos servizos que ésta presente, sempre que a súa idade llo permita.

O abonado terá dereito a beneficiarse de unha bonificación na cuota dos cursiños da escola municipal de natación (mirar cuotas de cursiños) non quedando incluída a natación escolar nin os cursos de verán (colectivos)

Os abonados menores de quince anos non poedrán facer uso da sauna nin do ximnasio. Para poder facer uso destes servizos deberase informar óa persoal da instalación e deberase ir acompañado duna persoa adulta.

DEBERES DO ABONADO

Deberá presentar o carnet de abonado ó persoal de control da piscina municipal, tódolos días que decida utiliza-la instalación.

O abonado deberá estar obrigatoriamente ó día no pago das súas mensualidades, ben sexa de cuota íntegra ou de mantemento.

O abonado deberá informar ó control da piscina se desexa acollerse á cuota de mantemento. Un abonado non poderá darse de alta dous veces nun mkesmo ano e así evita-la cuota de mantemento.

O abonado acatará o Regulamento de Réxime Interno da instalación e que contén as normas de obrigado cumprimento para os usuarios da piscina municipal de Xove, así como tódalas normas que a dirección da instalación dicte en calquera momento e que redunden en beneficio do servizo e dos usuarios.

Artigo 7.- PERDA DA CONDICIÓ DE ABONADO

Perderase a condición de abonado por:

-Vontade propia do interesado, manifestando no control da piscina, ou ben por escrito á piscina municipal.

-Por impago de dúas mensualidades consecutivas, ben sexa de cuota íntegra ou de mantemento.

-Por acordo da dirección da piscina municipal como consecuencia de conductas que supoñían o incumprimento do réxime interno da instalación.

-Por incumprimento duna sanción, acordada polo órgano competente do Concello de Xove previa tramitación con audiencia ó interesado.

-Por falecemento

-Independentemente das sancións que se podan imponer, o abonado infractor será responsable economicamente dos danos e perxucios que a súa conducta poida ocasionar.

#### Artigo 8.- BONOS 15 USOS

Durante todo o ano o Concello de Xove establece un sistema de bonos para que todas as persoas que o desexen podan utilizar as instalacións da piscina municipal sen necesidade de aboarse establemente e de unha maneira máis vantaxosa economicamente que pagando a cota de entrada diaria.

Os ditos bonos constan de 15 usos para a totalidade da instalación e deberán ser utilizados durante o tempo de vixencia de dito sistema, que será de 2 meses como máximo.

O horario de acceso á instalación será o de apertura ó público e a persoa ou persoas que utilicen un bono poderán facer uso de tódolos servizos da instalación coma calquera outro abonado, é dicir, piscina, sauna, masaxe e ximnasio. Ditos usuarios quedan excluídos, non obstante, das bonificacións dos cursillos da escola municipal de natación.

As persoas que desexen utilizar as instalacións da piscina municipal polo sistema de bonos, deberán presentar a seguinte documentación:

-Fotocopia do D.N.I. ou libro de familia (para nenos/as)

-2 fotografías a tamaño carnet ou fotocopias ben identificadas

-Libro de familia (para bonos familiares)

-Dirección e teléfono actual

8.1) Establécense os seguintes bonos de 15 usos:

-Bono individual infantil (menores de 16 anos): 12,00 €

-Bono familiar infantil (irmáns menores de 16 anos): 18,00 €

-Bono individual adulto (mayor de 16 anos): 20,00 €

-Bono familiar (pais e fillos): 30,00 €

8.2) Modalidade de pago dos bonos 15 usos

Os usuarios que desexen utilizar o sistema de bonos, deberán abonar o importe das cuotas no control da piscina ante a recepcionista, a que deberá facer entrega a cada persoa de un carnet que estará marcado cos 15 usos que se poderán utilizar. Cada día ou sesión que o usuario asista á instalación se lle selará un uso no seu carnet e a ficha de control, ata que se completen os 15 usos.

8.3) Dereitos e deberes dos usuarios dos bonos 15 usos

Os usuarios dos bonos terán os mesmos dereitos e os mesmos deberes que os demais usuarios da instalación municipal.